



POZO DO INFIERNO-BARBANTIÑO


Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 4 km (ida e volta)


Dificultade: baixa

Duración: 2 horas



O río Barbantiño, afluente do Miño, discorre por unha zona encaixada entre os concellos de Maside (parroquia de Armeses) e Amoeiro (parroquia de Parada). A erosión do río nas rochas graníticas forma rápidos, pozas e fervezas de gran beleza. A máis alta mide uns 10 m en varios saltos. Está nun contorno cunha vexetación moi conservada, con bos exemplares de carballos, freixos, amieiras e salgueiros. Na marxe esquerda hai un grupo de 3 muíños en serie.

COMO CHEGAR: na estrada de Punxín a Amoeiro, despois de pasar a ponte sobre o río Barbantiño, hai unha ruta de senderismo (2 km) que segue o curso do río e chega á ferveza e os muíños. Seguindo río abaixo desde a ponte hai tamén unha zona de rápidos e pequenos saltos.



Poza na parte alta da ferveza